RECOMENDACIÓNS DA BIBLIOTECA PARA O NADAL

PRIMEIROS LECTORES/AS:

LECTORES/AS EN POTENCIA



RATOS DE BIBLIOTECA



Non esquezas visitar: http://biblioquiroga.blogspot.com.es/

BOLETÍN INFORMATIVO DA BIBLIOTECA DO I.E.S. DE QUIROGA. DECEMBRO 2014

NOVIDADES





A CESTA DA COMPRA DOS NOSOS LECTORES, XUÑO 2014

AS MATEMÁTICAS NA BIBLIOTECA

Neste ano, as bibliotecas escolares están conmemorando o ano das Matemáticas, e como tal, a nosa biblioteca irá dando cabida a actividades relacionadas coas mesmas, así como ir informando de contidos que teñan que ver con esta peza clave do conxunto do coñecemento humano.

E con motivo da celebración dos 50 anos de Mafalda, aquí queda unha tira do personaxe coa que vos podedes animar a participar nun dos concursos que está tendo lugar no centro, consistente en crear un texto axeitado para a última viñeta, texto que poderedes entregar á volta do Nadal para seguir participando no devandito concurso.

E para ir abrindo boca antes das vacacións de Nadal, o departamento de Matemáticas organiza un Obradoiro de Xogos Matemáticos que terá lugar o venres 19 de decembro na biblioteca e no que os alumnos poderán participar en diversos xogos nos que ademais do enxeño e a habilidade, terán un lugar destacado o cálculo e a xeometría.

Esperamos que sexa do voso agrado e que poidades pasar un rato entretido mentres entrades en contacto cunha parte das Matemáticas para a que moi poucas veces hai tempo durante as clases. E se vos gusta… pode que repitamos.

ACTIVIDADES QUE ESTÁN AGARDANDO POR VÓS:

MAFALDA TAMÉN EN NADAL (ata o 9 de xaneiro):

Tamén no concurso de Mafalda, imaxinade a frase que falta nesta tira:

CONCURSO DE IDEAS PARA A BIBLIOTECA

Á volta de vacacións estará aberto o prazo para que o alumnado do IES de Quiroga aporte ideas para mellorar a biblioteca e facela máis acolledora.

CONCURSO DE DISFRACES LITERARIOS NO ENTROIDO

Ide pensando xa que personaxes da literatura recrearedes ao disfrazarvos...

NORMAS DE USO DA BIBLIOTECA

Desde o Equipo da Biblioteca consideramos necesario a existencia dunhas normas básicas que nos axuden a facer da biblioteca un agradable punto de encontro dos usuarios/as. Para empezar, cremos fundamentais as seguintes:

1. Axuda a crear un ambiente agradable, lembra que hai outras persoas contigo na biblioteca. Modera o ruído.
2. Entra e sae da biblioteca sen molestar.
3. Mantén as instalacións limpas e coidadas e respecta os materiais. Son do instituto, pero tamén son teus.
4. Non está permitido comer nin beber na biblioteca.
5. Cando remates devolve o material empregado ao seu lugar. Se non es quen, pregunta á persoa encargada.
6. Estas normas son para tod@s.